
A UTILIDADE DO INÚTIL

Texto de **NUCCIO ORDINE**

Ensaio de **ABRAHAM FLEXNER**

Tradución de **CARLOS ACEVEDO**

Deseño de **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. 13,5 x 20 cm. 192 páx. 10 €.

ISBN 978-84-15250-87-6. Faktoría K de Libros. Ágora K.

Existen saberes que son fins por si mesmos e que -precisamente pola súa natureza gratuíta e desinteresada, alonxada de todo vínculo práctico e comercial- poden exercer un papel fundamental no cultivo do espírito e no desenvolvemento civil e cultural da humanidade. Neste contexto, considero útil todo aquilo que nos axuda a facernos mellores...

“A utilidade do inútil” é un manifesto que reúne citas e reflexións dos que Nuccio Ordine fixo acopio durante a súa ampla experiencia como profesor e investigador. Está estruturado en tres partes: unha primeira sobre a útil inutilidade da literatura e a achega de personaxes do eido da cultura que abordaron este tema ao longo da historia; outra que analiza a repercusión da lóxica do beneficio no ámbito do ensino, da investigación e das actividades culturais en xeral dende o punto de vista do que o autor califica criticamente como “universidade-empresa” e “estudantes-clientes”; e por último, unha mostra de clásicos que tiveron efectos destrutivos na *dignitas hominis*, a través da “ilusión da riqueza” e da “prostitución da sabedoría”.

Nuccio Ordine rexeita a actual ditadura do beneficio e do utilitarismo, que invadiu todos os aspectos da vida das persoas. O autor propón con esta obra unha reflexión sobre a importancia daqueles coñecementos que aparentemente non producen beneficios materiais, malia que nesta sociedade global só se considera útil aquilo do que se obtén unha contraprestación. Ante a crise do sistema, este libro invita os lectores a pensar que -agora máis que nunca- precísanse aqueles coñecementos que nutren o espírito, que reivindicán o ben común, o respecto polo próximo, a solidariedade e a paz. Un manifesto que chama a loitar contra a corrupción causada polo diñeiro e polo poder.



-
- **Temática:** manifesto contra a corrupción e sobre o valor do coñecemento á marxe do beneficio material.
 - **Idade recomendada:** adultos.
 - **Aspectos destacables:** historia, filosofía; reflexión sobre a crise do sistema; rexeitamento do poder corrupto.
-

Nuccio Ordine

(Calabria, 1958)

Profesor, filósofo e experto no Renacemento e na figura do pensador Giordano Bruno. Actualmente imparte clases de Literatura Italiana na Universidade de Calabria e colabora co Centro para o Estudo do Renacemento Italiano da Universidade de Harvard e da Fundación Alexander von Humboldt, entre outras institucións académicas europeas. É autor de varios libros, que foron traducidos e publicados en numerosos países. Entre as distincións que recibiu figuran o Premio Rombiolo, o de Cabaleiro da Lexión de Honra e Comendador da Orde ao Mérito da República Italiana. Escribe periodicamente no diario Corriere della Sera.

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

comunicacion@faktoriakdelibros.com
